




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costas de Touriñán e Fisterra. Municipio: Muxía. Parroquias: San Cristovo de Nemiña, agás unha pequena área no norte pertencente a San Martiño de Touriñán. Extensión: 3,66km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade orientada ao sur na chaira litoral situada ao norte do Seo de Nemiña, que queda perfectamente delimitada polos relevos circundantes dispostos a modo de bancada semicircular. O arroyo de Nemiña desequilibra esta disposición abrindo un suco de dirección nordés no relevo.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade do Dominio hercínico, que conta cun granitoide migmático que presenta facies granítica homoxénea agás en Vilela de Nemiña e na valga do Rego de Nemiña. Aparecen filóns de microgranito en Talón, Nemiña e Coído de Nemiña. Tamén existen diques de cuarzo ao este de Queiroso. O Cuaternario pode apreciarse nos depósitos holocenos dos areais, de dunas e de manto eólico existente na Agra de Nemiña e ata o lugar de Talón.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A maior parte do val inclúese no dominio climático Cálido e Húmido: temperatura media anual maior de 14°C e amplitude térmica en torno a 13°C. As precipitacións oscilan entre 1200mm e 1400mm de media acumulada ao longo do ano. A cabeceira do val e o Monte Nemiña son máis húmidos e rexístranse valores entre 1400mm e 1600mm polo que se adscriben ao dominio Cálido e Moi Húmido.

OS SOLOS

Solos incipientes de escaso grosor e nos que con frecuencia aflora o substrato rochoso, nas partes altas da cunca do Rego de Nemiña, fundamentalmente nos montes Facho de Touriñán e Nemiña. Nas ladeiras os solos están máis desenvolvidos localizándose regosos e umbrisois dístricos que evolucionan a cambisois dístricos na parte baixa do val. Por último cómpre destacar os arenosos álbicos e háplicos da praia.

AS AUGAS

O arroyo Nemiña circula por esta unidade en dirección sur entre as elevacións do Monte Gordo e as do Monte da Croa, abrindo un val que chega ao extremo norte da praia de Nemiña, na liña de contacto das Augas Costeiras de Cabo Touriñán (20140) e a área de Nemiña (20139).

O PATRIMONIO NATURAL

As vertentes baixas costeiras na metade norte e toda a unidade no sur constitúen parte do ZEPVN Costa da Morte-LIC Costa da Morte. O hábitat dominante na liña de costa é o 1230 de cantís mariños atlánticos. As vertentes albergan grandes extensións de matos costeiros: do tipo 4030, breixos secos europeos; do 4040, breixos secos atlánticos de Erica vagans; e, en valgas húmidas, nas existentes sobre o Coído das Negras e en Carreiro de Lago, o 4020 de breixos húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix. Na metade sur da unidade, as elevacións sobre o mesmo cantil, Monte Gordo e A Vela, presentan afloramentos graníticos que achegan ambientes propios do grupo 82, pendentes con vexetación casmofítica.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A vertente costeira da metade sur caracterízase por unha importante presenza de formacións vexetais costeiras. Na planicie interior, ocupando practicamente a totalidade do val dominan os cultivos forraxeiros e prados, nesta planicie tamén se encontran, articulados pola rede viaria, os asentamentos de poboación. En cotas máis elevadas o predominio é de bosque de repoboación intercalada con algunhas manchas de bosques autóctonos (Quercus) e mato de substitución. No arroyo de Nemiña aínda se conservan algúns bosques de ribeira, sobre todo na parte media do seu curso. A fachada litoral presenta un gran potencial e atractivo turístico debido aos espectaculares cantís costeiros e as praias que presiden en fronte litoral.

MORFOLOXÍA

A rede de asentamentos vén caracterizada pola presenza de catro núcleos, Talón, Nemiña, Vilela e Queiroso. Nemiña está catalogado como Núcleo de Identidade Litoral pola súa localización estratéxica no bordo costeiro. Son núcleos pequenos que presentan unha agrupación característica de poboacións tradicionais, unha estrutura compacta formando unha entidade definida e deixando libre o parcelario para o cultivo. Percíbese un crecemento destes asentamentos, desligado desa característica de agrupación tradicional. Na franxa costeira, nas proximidades da praia, consolidouse un grupo de vivendas illadas de carácter espontáneo sen ningunha estrutura definida. Os núcleos teñen unha tipoloxía típica dos asentamentos rurais en Galicia, composto de vivendas baixas con algún alpendre para gardar os apeiros de labranza.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A unidade está sucada de noreste a suroeste por unha estrada da rede secundaria, cun trazado sinuoso adaptándose aos desniveis de terreo, á altura da vila de Vilela hai unha bifurcación con dirección norte que nos leva ata Queiroso, e outra con dirección sur e paralela ao arroyo de Nemiña que desemboca na praia. O resto de vías son camiños de carácter tradicional que dan acceso e estruturan o parcelario existente.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Son tres os depósitos arqueolóxicos catalogados na unidade, dous castros, un situado na vila de Queiroso e outro no monte Nemiña e unha mámoa. No referente ao patrimonio cultural recoñecido o máis destacado é a igrexa Parroquial de San Cristovo de Nemiño, pero ademais encontramos outros como pombais, casonas ou hórreos.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter da unidade é agrario, pero empeza a verse afectado pola aparición de procesos de carácter turístico. A organización da súa paisaxe estrutúrase de forma tradicional, cos asentamentos situados ao pé das ladeiras dos montes que encerran a unidade (Facho de Touriñán, Monte Gordo, Monte Nemiña), exceptuando Queiroso que se sitúa nun altiplano na parte sur do territorio. Seguindo esta estrutura, nas zonas máis chás do val esténdense os campos de cultivo, bañados polas augas do arroyo Nemiña que desemboca na parte norte da praia que leva seu mesmo nome. Xunto a esta praia o resto da fachada litoral caracterízase por cantís baixos que albergan un mosaico de cultivos de texturas e cromatismos singulares.

DINÁMICA DA PAISAXE

Apréciase unha concentración parcelaria evidente en toda o val e unha rede de camiños rectilíneos asociados ela. O abandono de actividades de carácter tradicional nas zonas máis altas da unidade contribuíu a que estas zonas sexan ocupadas por masas de árbores de repoboación como eucaliptos. Ademais, a mencionada presión turística propiciou o desenvolvemento de novos asentamentos na fachada litoral, e ao mesmo tempo favoreceu a aparición de novas infraestruturas viarias e a ampliación das existentes.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

15 Trátase dunha unidade complexa e diversa conformada por unha cabeceira de vertentes baixas costeiras co arroyo de Nemiña, o seu val e a chaira costeira asociada con campos de cultivo como eixe central da unidade. O fondo da unidade componse de catro núcleos tradicionais que dan paso aos bosques de repoboación. As texturas, o cromatismo da agra e as sinuosas formas do relevo accidentado combinado con praias suaves caracterizan a plasticidade desta unidade. A fachada costeira da unidade presenta un importante valor ecolóxico xa que está incluída no LIC-ZEPVN Costa da Morte. En xeral, a estrutura da paisaxe aínda que transformada mantén un carácter rural grazas sobre todo aos seus núcleos tradicionais e ao valor dos seus elementos patrimoniais, concretamente do Núcleo de Identidade Litoral de Nemiña. Podemos ter unha visión panorámica do conxunto desde calquera punto da súa costa acantilada.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



